

CIRCULAR Nº 01

TEMPORADA 23 - 24

Destino: Delegacións Zonais, Clubs.

Asunto : Inscripción dos equipos participantes en competicións de ámbito autonómico Sénior.



Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día 27 de xullo 2023 ás 13.00 hrs. Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía INTRANET, (<https://clubs.fegaba.com/login>) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- COTA DE AFILIACIÓN: **A inscrición domiciliarase a través de recibo bancario**

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

A data do 28 de xullo ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

	C. Afiliación	Depósito/Aval	Data
Liga de 1ª Div. Masc	290,00 €	2.900,00 €	27.07.23
Liga de 2ª Div. Masc.	230,00 €	900,00 €	27.07.23
Liga de 1ª Aut. Fem.	245,00 €	625,00 €	27.07.23

A Comité de Actividades da Federación Galega na súa reunión decidirá en base ás solicitudes de inscrición, os equipos que participarán nas categorías 1ª División Masculina, 2ª División Sénior Masculina e Liga 1ª División Autonómica Feminina .

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 1 de xullo de 2023



Susana Fernández Fiuza
Directora Xeral FGB